

Índice



01 O Islam e Al-Andalus

02 **A Europa feudal**

03 A cidade medieval

04 Formación e expansión dos reinos peninsulares

05 Os grandes reinos peninsulares

06 Galicia na Idade Media

07 Renacemento e Reforma

08 A monarquía autoritaria: os Reis Católicos

09 Os grandes descubrimentos xeográficos

10 O Imperio dos Austria

11 O século do Barroco

12 Galicia na Idade Moderna

13 Os habitantes do planeta

14 A poboación de España e de Galicia

15 A cidade e o urbano

16 As sociedades humanas



1. O nacemento da Europa feudal

2. A nobreza feudal

3. Os campeciños no mundo feudal

4. A Igrexa cristiá: os clérigos

5. Os mosteiros medievais

6. A arte románica. A arquitectura

7. A pintura e a escultura románicas





- Na Idade Media formouse en Europa occidental un sistema político, económico e social coñecido como **feudalismo**.
- O sistema feudal tiña a súa orixe na descomposición do **Imperio de Carlomagno** e na situación de inestabilidade provocada polas invasións de diversos pobos.
- Os monarcas, incapaces de defenderen o territorio, entregábanlles as terras a señores feudais, **nobres** ou **eclesiásticos**, para que as gobernasen no seu nome.
- Na Europa feudal foise desenvolvendo un estilo artístico coñecido como **Románico**.


1. O nacemento da Europa feudal



1.1. O Imperio de Carlomagno

1.2. A fragmentación do Imperio carolinxio

1.3. As orixes do feudalismo



1.1. O Imperio de Carlomagno



- A finais do século **VIII**, **Carlomagno**, rei dos francos, **unificou** a meirande parte das **terras de Europa occidental**.
- **Carlomagno** proclamouse **emperador** no ano **800** e intentou ser o sucesor dos antigos emperadores romanos.
- Para iso, **elaborou leis** e organizou o territorio en **condados** gobernados por **condes**.
- Para defender as terras fronteirizas, creou as **marcas**, cun exército dirixido por **un marqués**.



Imperio de Carlomagno




1.2. A fragmentación do Imperio carolinxio




- Á **morte** de Carlomagno, o **Imperio crebou**. No ano **843**, os sucesores de Carlomagno **dividiron o Imperio** en diferentes **reinos**.
- Ademais, unha serie de **pobos** realizaron ataques e **invasións** nos séculos **IX e X**.
- Os **normandos** polo Norte, os **musulmáns** polo Sur e os **húngaros** polo Leste abatéronse sobre os reinos de occidente.




1.1 O imperio de Carlomagno



1.2 Fragmentación do Imperio



1.3 As orixes do feudalismo



1.3. As orixes do feudalismo



- Nesa situación de crise, o **poder** dos **monarcas** era moi **débil**. Para poder gobernar e manter unido o seu reino, os monarcas tiveron que **contar cos nobres**.
- Os monarcas estableceron cos nobres un sistema de relacións denominado **vasalaxe**. (**CERIMONIA DE HOMENAXE**)
- Moitos dos antigos condes, cargos eclesiásticos e outros grandes propietarios convertéronse en **señores feudais**.
- Esta **nobreza repartía** entre outros **nobres** menos importantes, **cabaleiros** ou **guerreiros**, unha parte das súas terras (**feudos**) para que vivisen, as gobernasen e mantivesen un pequeno exército.
- Os **campesiños** buscaban **protección** nesta nobreza (había moita **inseguridade**)





Pirámide
feudal

2. A nobreza feudal



2.1. O rei e os seus vasallos

2.2. A nobreza guerreira: un grupo privilexiado



2.1. O rei e os seus vasallos



- Na **cúspide** da **sociedade feudal** situábase o **rei**. Os monarcas eran **representantes de Deus na Terra**.
- **Territorios** do reino moi **inestables**.
- O **rei** (**primeiro entre iguais**) tiña as seguintes **atribucións**:
- **Dirixir campañas militares**.
- **Pedir impostos** en caso de guerras, coroacións, vodas, etc.
- Exercer de **xuíz supremo** en litixios ou preitos, pero non podía interferir nos feudos dos seus nobres, ou da Igrexa.
- **¿Cómo era a Corte Real?**



2.2. A nobreza guerreira: un grupo privilexiado



- Na sociedade feudal, a principal **función da nobreza**, e do propio rei, era a de ser **guerreiros**. Son os **cabaleiros**.
- Os fillos das familias nobres eran educados e adestrados como guerreiros. Aos **18 anos eran armados cabaleiros** nunha cerimonia na que recibían as súas armas.
- Os nobres facían a guerra para **defenderen o seu territorio** ou enfrontárense a outros nobres.
- A súa función social permitíalle á **nobreza vivir con privilexios**.



3. Os campesiños no mundo feudal



3.1. Vivir no feudo

- Un feudo (ilustración)

3.2. Os campesiños do feudo

3.3. A vivenda dos campesiños




3.1. Vivir no feudo



- O **feudo** formábano as terras outorgadas polo rei ou por un nobre a outro señor feudal.
- O señor feudal reservábase as mellores terras para el, a **reserva señorial**, e traballábanas os seus servos. Nelas adoitaba estar o **castelo**.
- O señor repartía outra parte das terras en lotes (**mansos**) que eran entregados a servos ou a campesiños libres, a cambio do pagamento dunhas rendas.
- O señor feudal posuía, ademais, sobre todas as terras do feudo, as propias ou as doutros propietarios, o **dereito de xurisdición**.



Un feudo



3.2. Os campesiños do feudo



- Os campesiños eran a maioría da poboación (**90%**). Podemos distinguir dúas categorías:
- Os **campesiños libres** (viláns ou alodiais), que podían ser propietarios da súa terra, algo pouco frecuente, e dispoñer libremente de si mesmos.
- Os **servos**, que non tiñan liberdade persoal e estaban ligados á terra do señor.
- O rendemento da terra era escaso e practicábase a **rotación bienal**, isto é, traballábase a metade das terras e a outra metade deixábase en descanso.
- **Autoconsumo**



3.3. A vivenda dos campesiños



- Os campesiños vivían en **pequenas aldeas**, ou en casas espaxadas. Nas aldeas habitaban tamén algúns artesáns ou pequenos comerciantes.
- As **casas** eran **sinxelas**, cun ou dous cuartos e, ás veces, un almacén ou cortello, aínda que resultaba habitual que os animais estivesen na propia casa.
- O chan era de terra, e un fogar ou lar servía para quentarse, iluminarse e cociñar.
- A moblaxe era escasa.



4. A Igrexa cristiá: os clérigos



4.1. Unha Europa cristiá

4.2. A Igrexa regula a vida social

4.3. A organización da Igrexa



4.1. Unha Europa cristiá



- Cara ao ano 1000, a meirande parte dos habitantes de Europa occidental eran cristiáns. Todos tiñan o sentimento de pertenceren a unha mesma comunidade, a **Cristiandade**.
- A Igrexa mantiña a unidade dos crentes e encargábase de fixar as súas **obrigas relixiosas**.
- Seguir as **normas da Igrexa** servía para redimir os pecados, acadar a vida eterna e evitar a condena ao inferno.



4.2. A Igrexa regula a vida social



- Toda a **vida social ou privada** estaba marcada pola intervención da **Igrexa**.
- O **nacemento, o matrimonio ou o funeral** tiñan as súas **cerimonias relixiosas**, e a Igrexa encargábase do ensino e mais da asistencia a pobres e enfermos.
- A Igrexa estipulou a “**paz de Deus**” e a “**tregua de Deus**”, que eran períodos de paz obrigatoria en caso de guerras.
- A Igrexa ordenou que as igrexas e os mosteiros constituísen lugares nos que non se puidese entrar sen autorización.
- **Excomungado**



4.3. A organización da Igrexa



- A Igrexa medieval posuía **inmensos feudos** e cobráballes aos cristiáns o **décimo**, un imposto para manter o clero.
- A Igrexa estruturou unha excelente organización. Así, os **cristiáns** agrupábanse en **parroquias**, dirixidas por **sacerdotes**.
- Un conxunto de parroquias formaba unha diocese a cuxa fronte se situaba o bispo. **Cregos, párrocos e bispos** constituían o **clero secular**.
- Para rogar a Deus en soidade, **monxes** e **monxas**, baixo a autoridade dun **abade** ou **abadesa**, fundaron mosteiros. Integraban o **clero regular**.



5. Os mosteiros medievais



5.1. A Igrexa ruralízase

- Un mosteiro medieval (**ilustración**)

5.2. A vida nos mosteiros

5.3. As regras monásticas




5.1. A Igrexa ruralízase



- Nun mundo no que a meirande parte da poboación era campesiña, a Igrexa viuse obrigada a **ruralizarse**, isto é, a establecerse no campo, para **evanxelizarse e dirixir a vida campesiña**.
- A **igreja** era o **edificio central** de calquera aldea, vila ou cidade. Os fieis acudían a ela para a misa dos domingos, as festas, os bautizos, etc.
- A partir do ano 1000, ademais das **igrejas parroquiais**, construíronse moitos **mosteiros**, que se converteron en centros de cultura.

Un mosteiro medieval



5.2. A vida nos mosteiros



- Un mosteiro era un **conxunto de edificios** e **dependencias**, ademais de horta, muíño e terras da súa propiedade.
- O centro do mosteiro era a **igrex**a, onde os monxes e as monxas ían rezar varias veces ao día.
- A **oración** representaba a súa principal actividade xa que a vida monástica tiña como obxectivo afastarse do mundo e ter un contacto máis directo con Deus.

VIDEO

5.3. As regras monásticas



- As persoas que aspiraban á vida monástica entraban no mosteiro e facían tres **votos** ou promesas: **obediencia, pobreza e castidade**, e vestían un **hábito** que as identificaba.
- Todas as ordes relixiosas estaban sometidas a unha **regra**, isto é, un **conxunto de normas** que regulaban todas as actividades monásticas.
- Durante a Idade Media existiron distintas ordes relixiosas. A máis importante foi a dos **benedictinos**, que fundou en Italia San Bieito de Nursia no século VI.




6. A arte románica. A arquitectura



6.1. Unha arte relixiosa

6.2. As igrexas románicas

- Unha igrexa románica (ilustración)



6.1. Unha arte relixiosa




- Entre os **séculos XI e XIII** foise desenvolvendo, en gran parte de Europa, un estilo artístico chamado **Románico**.
- A grande importancia da relixión na sociedade medieval e o peso excepcional da Igrexa fixeron que as **manifestacións artísticas** desa época fosen esencialmente **relixiosas**.
- Dentro da arte románica, a **arquitectura** ocupou un lugar fundamental.

6.2. As igrexas románicas



- Os **elementos esenciais** dunha igrexa románica son:
- A **planta** era dun só brazo cunha ou con tres naves. Axiña se lle engadiu un brazo máis curto, o transepto, que lles daba ás igrexas unha forma de **crúz latina**.
- Levantáronse sólidas **bóvedas de canón** para lles dar consistencia aos edificios.
- Para reforzar os muros que sustentaban as bóvedas de pedra pegábanlles sólidos **contrafortes** ás paredes exteriores.
- Tamén era habitual colocar unha **torre-campanario** no exterior.
- Nos mosteiros construíronse **claustros**.

Unha igrexa románica




7. A pintura e a escultura románicas



7.1. Ensinar e decorar

7.2. Frescos e táboas

7.3. Unha escultura ao servizo da arquitectura



7.1. Ensinar e decorar



- O estilo románico decoraba as igrexas con esculturas e pinturas de **carácter relixioso**, que servían para lle explicar ao pobo os feitos sagrados da Biblia.
- No mundo medieval, a inmensa maioría da poboación era analfabeta, isto é, non sabía ler.
- Por esa razón, as **imaxes** convertéronse en libros onde os cristiáns podían **ler** e **aprender** sobre a relixión.
- Ademais da súa función didáctica, as pinturas e esculturas posuían unha función **decorativa**.

7.2. Frescos e táboas



- As pinturas románicas teñen unha **gran forza expresiva**, pero tecnicamente son moi sinxelas.
- Utilizábase, esencialmente, a técnica da **pintura ao fresco**.
- Os **motivos máis empregados** na pintura románica eran as representacións do Pantocrátor, que se situaban na ábsida e ocupaban unha posición central dentro da Igrexa.
- Ademais dos frescos, realizábanse pinturas sobre táboas.

7.3. Unha escultura ao servizo da arquitectura




- A escultura románica tiña unha forte dependencia da arquitectura, e as figuras adoitaban adoptar as proporcións e a forma da superficie sobre a que eran esculpidas.
- Tamén eran importantes os **chapiteis** das columnas ou piares, tanto do interior da igrexa como da portada ou dos claustros.
- Tamén eran abundantes as **tallas relixiosas** en madeira, policromadas en vivas cores.


A SOCIEDADE FEUDAL



2.1 O REI E OS SEUS VASALOS



2.2 A NOBREZA GUERREIRA: UN GRUPO PRIVILEXIADO





- **1.- COMO ESTÁ FORMADO O FEUDO?**
- **2.-QUE É A RESERVA SEÑORIAL?**
- **3.-QUE SON OS MANSOS?**
- **4.-QUE É O DEREITO DE XURISDICIÓN?**

3.2 OS CAMPESIÑOS DO FEUDO



- **1.-PORCENTAXE DE CAMPESIÑOS?**
- **2.-DEFINE CAMPESIÑO LIBRE**
- **3.-DEFINE SERVO**
- **4.-QUE É A ROTACIÓN BIENAL E POR QUE SE FAI?**
- **5.-COMO É A ECONOMÍA CAMPESIÑA?**




3.3 A VIVENDA DOS CAMPESIÑOS




- **1.- ONDE VIVEN OS CAMPESIÑOS**
- **2.- SINALA CATRO CARACTERÍSTICAS DA CASA CAMPESIÑA?**




4.1 UNHA EUROPA CRISTIÁ



4.2. A IGREXA REGULA A VIDA SOCIAL



4.3. A ORGANIZACIÓN DA IGREXA



6.2 AS IGREXAS ROMÁNICAS

